

poderán abandonar a explotación se o seu destino inmediato é o sacrificio, ou a súa castración cando se realice fóra da súa explotación. Así mesmo, prohibirase a utilización de doses seminais almacenadas pertencentes a eses animais.

d) Prohibirase que as femias das cales se coñeza que presentan o alelo VRQ saian da explotación, excepto para o seu sacrificio.

e) Prohibirase que os machos, incluídos os doadores de esperma utilizados para inseminación artificial, que non recibisen a certificación no marco do programa, se utilicen para reprodución no rabaño.

### ANEXO III

#### Requisitos para o recoñecemento oficial do status de resistente ás EET a certas explotacións de ovinos e para o mantemento do dito status

##### A. Niveis de resistencia a EET.

A autoridade competente outorgará o recoñecemento oficial do status de resistente ás EET a explotacións de ovinos que, como resultado da súa participación no Programa nacional de xenotipado ovino ou de calquera outro modo, satisfagan os criterios aquí previstos para cada un dos niveis establecidos con base na seguinte clasificación:

Nivel I: explotacións formadas na súa totalidade por ovinos de xenotipo ARR/ARR.

Nivel II: explotacións cuxa proxenie fose obtida exclusivamente de machos de xenotipo ARR/ARR e femias de xenotipo ARR/ARR, ARR/AHQ ou AHQ/AHQ.

Nivel III: explotacións cuxa proxenie fose obtida exclusivamente de machos de xenotipo ARR/ARR e femias que non sexan de xenotipo ARQ/ARQ, nin posúan ningún alelo VRQ.

Nivel IV: explotacións cuxa proxenie fose obtida exclusivamente de machos con, polo menos, un alelo ARR e sen o alelo VRQ, e femias sen alelo VRQ.

Nivel V: explotacións cuxa proxenie fose obtida exclusivamente de reprodutores que non posúan o alelo VRQ e que non se inclúan nos niveis anteriores.

##### B. Mostraxe aleatoria.

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas realizarán unha mostraxe aleatoria periódica das explotacións oficialmente recoñecidas, segundo a clasificación detallada no punto anterior:

a) Nas explotacións ou no matadoiro, con obxecto de verificar o seu xenotipo e a súa adecuación aos niveis anteriormente definidos para as explotacións de orixe.

b) No caso dos rabaños de nivel I, en animais maiores de 18 meses, no matadoiro, con obxecto de realizar probas de EET, de conformidade co anexo III do Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Se, como resultado da mostraxe, se desprende a non-coincidencia do xenotipo do animal analizado co que corresponde ao nivel outorgado ao rabaño, a autoridade competente retirará, como medida cautelara, a condición de rabaño resistente a EET e tomará as demais medidas que considere oportunas.

**19085** REAL DECRETO 1313/2005, do 4 de novembro, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación do material de multiplicación de fungos cultivados. («BOE» 278, do 21-11-2005.)

O cultivo de fungos é un sector produtivo con ampla tradición e ben asentado en España, no que cada vez máis as modernas tecnoloxías se aplican con éxito no propio cultivo e na produción do material de multiplicación necesario.

A produción do material de multiplicación localízase en empresas especializadas capaces de aplicar sistemas de control da calidade.

Por todo iso, é conveniente que se fixen normas de calidade e certificación coordinadas para que a produción poida presentar no mercado o seu material cunha referencia de calidade e unha identificación harmonizada, de acordo co obxecto e os fins establecidos pola Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e das regras relativas aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico interno.

No procedemento de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de novembro de 2005,

#### DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento técnico de control e certificación do material de multiplicación de fungos cultivados, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Recoñecemento mutuo.*

Este real decreto non se aplicará ao material de multiplicación de fungos cultivados procedente doutros Estados membros ou de países do Espazo Económico Europeo que fose producido ou importado de acordo coa súa lexislación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 10.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre comercio exterior, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

## REGULAMENTO TÉCNICO DE CONTROL E CERTIFICACIÓN DO MATERIAL DE MULTIPLICACIÓN DE FUNGOS CULTIVADOS

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este regulamento aplícase á produción e comercialización do material de multiplicación das especies que se citan a seguir, que se utilicen directa ou indirectamente para a produción de fungos mediante cultivo, así como os híbridos interxenéricos interespecíficos ou intervarietais que poidan ter a mesma utilización:

Nome botánico	Nome común
Agaricus bisporus, Agaricus bitorquis, Agaricus sp.	Champiñón.
Pleurotus ostreatus.	Cogomelo da ostra.
Lepista nuda.	Pé azul.
Lentinula edodes.	Shiitake.
Pleurotus eringii.	Cogomelo do cardo.
Pholliota cylindraea (sin. Agrocybe aegerita).	Cogomelo dos chopos.

##### Artigo 2. *Exclusións especiais.*

A autoridade competente poderá dispensar dos requisitos deste regulamento os materiais de multiplicación destinados a:

- Probas ou fins científicos.
- Labores de selección.
- Medidas encamiñadas á conservación da diversidade xenética.

### CAPÍTULO II

#### Definicións e categorías

##### Artigo 3. *Definicións de material de multiplicación.*

Para os efectos deste regulamento entenderase por:

- Material de multiplicación: micelio do fungo con capacidade para multiplicarse e completar todas as fases de desenvolvemento da especie.
- Cepa: conxunto de material fúnxico da mesma constitución xenética, obtido por multiplicación vexetativa a partir dun mesmo material inicial.

##### Artigo 4. *Outras definicións.*

Para efectos deste regulamento entenderase por:

- Provedor: calquera persoa física ou xurídica que exerza profesionalmente polo menos unha das activida-

des seguintes en relación cos materiais de multiplicación: multiplicación, produción, protección, tratamento, almacenaxe e comercialización ou posta no mercado.

b) Produtor: provedor que polo menos multiplica ou produce material de multiplicación.

c) Comercialización ou posta no mercado: manter dispoñible ou en almacén, expor ou ofrecer en venda vender ou entregar a outra persoa, sexa cal for a forma en que se realice, materiais de multiplicación.

d) Laboratorio: unha entidade de dereito público ou privado que efectúe análises e estableza diagnósticos correctos que permitan controlar a calidade da produción.

e) Lote: unha cantidade determinada de elementos dun único produto de material de multiplicación, identificable pola homoxeneidade da súa composición, elaboración e da súa orixe.

f) Precintado: consiste nas operacións de peche dos envases que conteñen o material de multiplicación, se é o caso, e na colocación das etiquetas previstas neste regulamento, de tal forma que sexa imposible abrílos sen deteriorar o peche ou sen deixar sinais que mostren a evidencia de se ter podido alterar ou cambiar o seu contido ou identificación.

g) Autoridade competente:

1.º A Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Oficina Española de Variedades Vexetais, do dito departamento, respecto á ordenación e coordinación en materia de control e certificación, así como as funcións referentes aos intercambios do material de multiplicación con países terceiros.

2.º Os órganos competentes das comunidades autónomas, a respecto da execución das operacións necesarias para o control e certificación correspondente.

h) Inspección oficial: a inspección efectuada pola autoridade competente.

##### Artigo 5. *Categorías.*

Para efectos deste regulamento defínense as seguintes categorías de materiais de multiplicación de fungos cultivados:

a) Material inicial: os materiais de multiplicación que:

1.º Compoñen a unidade inicial a partir dos cales se produce o material de multiplicación dunha cepa da especie de que se trate.

2.º Correspondan á especie ou variedade, se é o caso, e satisfagan as condicións estipuladas para os materiais iniciais neste regulamento.

3.º Se produzan e conserven en condicións que aseguren o mantemento da identidade específica, así como a prevención de enfermidades.

4.º Estean destinados á produción de material certificado.

5.º Sometidos a inspección oficial, demostrasen satisfacer todas as condicións anteriores.

b) Material certificado: os materiais de multiplicación que:

1.º Se obtivesen vexetativamente, de forma directa ou nun número de fases, a partir do material inicial.

2.º Satisfagan as condicións estipuladas para os materiais certificados deste regulamento.

3.º Sometidos a inspección oficial, demostrasen satisfacer todas as condicións anteriores.

## CAPÍTULO III

**Requisitos de calidade do material de multiplicación**Artigo 6. *Orixes.*

O material de multiplicación certificado provirá de material inicial (nais) controlado.

Cando os produtores non teñan establecidos materiais iniciais propios, deberán acreditar as adquisicións de material de multiplicación alleo pola presenza de albarás e facturas.

Artigo 7. *Sanidade.*

O material de multiplicación deberá estar substancialmente libre, polo menos por observación visual, de calquera organismo nocivo e enfermidade, ou de signos ou síntomas deles, que afecte a calidade de forma significativa e que reduza o valor de utilización do material de multiplicación e, en particular, dos citados no anexo.

Artigo 8. *Pureza específica.*

O material de multiplicación certificado deberá ter unha pureza específica do 100 por cento.

Artigo 9. *Estroma.*

O material de multiplicación non manifestará presenza de estroma.

## CAPÍTULO IV

**Controis**Artigo 10. *Controis polos produtores.*

Os produtores tomarán as medidas necesarias para garantir o cumprimento das normas fixadas neste regulamento en todas as etapas da produción e da comercialización dos materiais de multiplicación.

Coa dita finalidade, os produtores deberán efectuar controis que estean baseados nos principios seguintes:

a) Identificación dos puntos críticos do seu proceso de produción, en función dos métodos de produción utilizados. Cando proceda, deberán terse en conta os seguintes puntos críticos:

- 1.º Mantemento de material inicial (nais).
- 2.º Esterilización.
- 3.º Inoculación.
- 4.º Incubación.
- 5.º Estroma
- 6.º Temperatura de conservación do micelio.
- 7.º Estado sanitario: ausencia de patóxenos, competidores, parasitos e procesos dexenerativos.
- 8.º Envasado e almacenamento.
- 9.º A administración.

b) A elaboración e posta en marcha de métodos de vixilancia e de control dos puntos críticos anteriormente mencionados, debendo ter en conta:

- 1.º A dispoñibilidade e utilización real de métodos para controlar cada un dos referidos puntos críticos.
- 2.º A fiabilidade deses métodos.
- 3.º A idoneidade para avaliar o contido das modalidades de produción e comercialización, incluídos os aspectos administrativos.
- 4.º A competencia do persoal do produtor para realizar os controis.

c) A toma de mostras deberase realizar nun laboratorio recoñecido pola autoridade competente. Na realización da toma de mostras deberá asegurarse, cando proceda, que:

1.º As mostras se tomen durante as distintas fases do proceso de produción e nos intervalos establecidos pola autoridade competente ao efectuar a comprobación dos métodos de produción para a concesión da autorización do produtor.

2.º A mostraxe se realice dun modo tecnicamente correcto e seguindo un procedemento estatisticamente fiable tendo en conta o tipo de análise que se vai realizar.

3.º As persoas que tomen as mostras deben ser competentes para iso.

d) A anotación por escrito, ou por algún outro medio que garanta una conservación duradeira, dos datos correspondentes aos parágrafos a), b) e c) anteriores, e o mantemento dun rexistro da produción e da comercialización do material de multiplicación, os cales estarán ao dispor da autoridade competente. Estes documentos e rexistros conservaranse durante un período de tres anos, como mínimo, e conterán información completa sobre:

1.º O material de multiplicación inicial mantido e as compras de micelio para a súa utilización no seu proceso de produción.

2.º O material de multiplicación en proceso de produción.

3.º O material de multiplicación expedido a outros, ou rexistro de saídas.

4.º Os parámetros de calidade controlados e as mostras tomadas para análise, se é o caso.

e) Colaborar coa autoridade competente en canto se refire á súa actividade e ao control oficial correspondente, e especialmente:

1.º Encargarse persoalmente ou designar outra persoa con experiencia técnica na produción e en cuestións fitosanitarias para relacionarse coa autoridade competente.

2.º Efectuar, sempre que sexa necesario e nos momentos oportunos, inspeccións visuais, na forma autorizada pola autoridade competente.

3.º Facilitar o acceso ás persoas facultadas para actuar en nome da autoridade competente aos rexistros e documentos indicados no parágrafo d).

Non obstante, os provedores cuxa actividade neste ámbito se limite á mera distribución de material de multiplicación producido e embalado fóra do seu establecemento deberán levar unicamente un rexistro, ou conservar probas documentais, das operacións de compra e venda ou entrega de material de multiplicación que realizaran.

Artigo 11. *Presenza de organismos nocivos.*

Cando a raíz dos propios controis, ou da información de que dispoñan, os produtores comprobasen a presenza dun ou varios dos organismos nocivos, en cantidade superior ao admisible, dos organismos previstos no anexo, informarán diso inmediatamente a autoridade competente e tomarán as medidas que esta lles indique, ou calquera outra medida necesaria para reducir o risco de diseminación dos ditos organismos nocivos en cuestión. Os produtores levarán un rexistro de todos os casos de detección de organismos nocivos nos seus establecementos e de todas as medidas que se adoptasen ao respecto.

Artigo 12. *Control oficial dos produtores.*

A autoridade competente levará a cabo regularmente a vixilancia e o control dos produtores, así como dos seus establecementos, para asegurar o cumprimento continuado dos requisitos establecidos neste regulamento. No caso dos produtores esta vixilancia ou control levarase a cabo no momento apropiado e, polo menos, unha vez ao ano.

**Artigo 13. Control oficial dos procesos.**

Os procesos de produción e comercialización serán obxecto de inspección pola autoridade competente, que poderá tomar mostras en todo momento durante a súa realización.

**Artigo 14. Inspeccións oficiais.**

As inspeccións oficiais poderán ser realizadas visualmente ou mediante toma de mostras para a súa análise, cando proceda.

Os procesos de produción e comercialización serán obxecto das inspeccións que determine a autoridade competente, a cal poderá tomar mostras en calquera momento durante a súa realización.

Cando se tomen mostras oficiais, procederase de forma que se garanta a identidade e representatividade da mostra. Sempre se levantará unha acta da dita toma de mostras oficial na que se reflectirán cantos datos e circunstancias sexan necesarias para a identificación da mostra.

As descualificacións de partidas de material de multiplicación serán comunicadas por escrito ao produtor, indicando os motivos.

A autoridade competente levará a cabo os oportunos controis a posteriori sobre o material producido, tendo en conta o rexistro de saídas mencionado no artigo 23.

**Artigo 15. Declaracións e estatísticas.**

Os produtores enviaránlle á autoridade competente, na semana seguinte a cada trimestre vencido, as declaracións de produción trimestral de material de multiplicación, en que figuren, polo menos, os datos de: cantidade, lote, cepa, número de etiquetas utilizadas e orixe do material de multiplicación, para cada especie.

Para confeccionar as estatísticas nacionais, os órganos competentes das comunidades autónomas enviarán á Dirección Xeral de Agricultura, a través da Oficina Española de Variedades Vexetais, antes do 1 de marzo de cada ano, os datos de nais e da produción do ano ordenados por especies.

**CAPÍTULO V****Produtores e laboratorios****Artigo 16. Produtores.**

Todos os produtores deberán estar debidamente autorizados pola autoridade competente unha vez comprobado que os seus métodos de produción, tratamento ou comercialización, así como os seus medios, persoal e instalacións, se axustan ao establecido na normativa en vigor. Os produtores autorizados figurarán no Rexistro oficial de produtores de plantas de viveiro, subgrupo fungos cultivados.

A autorización e rexistro dun produtor facúltao para exercer a súa actividade en todo o territorio nacional.

**Artigo 17. Laboratorios.**

As análises de laboratorio a que o produtor someta o material de multiplicación para comprobar que cumpren coa normativa establecida deberánse efectuar nun laboratorio autorizado pola autoridade competente.

**Artigo 18. Requisitos para a autorización e rexistro de produtores.**

A autorización e rexistro dos produtores estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) As instalacións deberán contar con:

- 1.º Equipo de esterilización.
- 2.º Sala de incubación.
- 3.º Cámara frigorífica.
- 4.º Laboratorio de control.

b) Deberán contar con persoal técnico cualificado de acordo coas necesidades do proceso de produción.

**Artigo 19. Solicitude de autorización e rexistro dun produtor.**

Os produtores de material de multiplicación, para poderen desenvolver a súa actividade comercial, deberán solicitar a autorización como produtor de plantas de viveiro para o subgrupo fungos cultivados.

As solicitudes presentaranse na comunidade autónoma onde radique a sede social, acompañadas dunha memoria descritiva en que estará descrito o proceso de produción, a orixe do material e os medios, persoal e instalacións de que se dispón ou se prevé dispor, o programa de produción por especies e o calendario de execución.

Na documentación que acompaña a solicitude deberá reflectirse de forma clara o cumprimento de todos e cada un dos requisitos exixidos para a autorización e rexistro que se solicita.

**Artigo 20. Relación nacional de produtores e laboratorios.**

A Dirección Xeral de Agricultura, a través da Oficina Española de Variedades Vexetais, elaborará unha relación nacional de produtores e laboratorios tendo en conta os datos inscritos no Rexistro oficial de produtores de plantas de viveiro e de laboratorios, en que se incluírán os rexistrados en cada comunidade autónoma, para o cal os órganos competentes das comunidades autónomas comunicarán á dita dirección xeral as autorizacións concedidas, así como as baixas e cambios acontecidos inmediatamente despois de que se producen.

Consideraranse datos de coñecemento xeral os seguintes:

- a) Titular: nome da persoa física ou xurídica rexistrada.
- b) Número de rexistro.
- c) Domicilio social de titular, teléfono, fax e correo electrónico.
- d) Subgrupo de produción: fungos comestibles cultivados e, se é o caso, especies.

**CAPÍTULO VI****Etiquetaxe****Artigo 21. Identificación do material de multiplicación.**

As partidas de material de multiplicación deberán estar debidamente identificadas durante todos os procesos a que sexan sometidas desde o seu proceso de produción ata a súa comercialización.

Os envases ou bolsas de micelio para o seu comercio estarán identificados de forma indeleble desde a súa entrada na sala de incubación cos seguintes datos:

- a) Especie.
- b) Número de lote.
- c) Data de inoculación.

O material de multiplicación só se comercializará se está etiquetado cunha etiqueta de material axeitado e que non fose utilizada previamente, e impresa, polo menos na lingua española oficial do Estado.

Na categoría «certificada», a etiqueta será oficial, de cor azul.

A etiqueta conterá as seguintes informacións como mínimo:

- a) Encabezamento: (ESPAÑA).
- b) Organismo oficial responsable de control.
- c) Categoría: Certificada.
- d) Especie: nome botánico.
- e) Cantidad (kg).
- f) Produtor.

A etiqueta irá en cada envase ou conxunto pechado de envases que se comercialice e colocada no sistema de peche.

O tamaño da etiqueta oficial será aprobado pola autoridade competente.

No caso de que o produtor queira informar do tipo ou variedade de que se trate, esa información irá de forma independente á etiqueta e baixo a responsabilidade do produtor.

## CAPÍTULO VII

### Comercialización

#### Artigo 22. *Documento do produtor.*

Toda partida de material de multiplicación que se comercialice a un destino determinado deberá ir acompañada por un documento do produtor, onde se indicarán as características das plantas, así como o seu destino.

#### Artigo 23. *Rexistro de saídas.*

O conxunto de documentos das partidas comercializadas ordenado cronoloxicamente constituirá o rexistro ou libro de saídas, que deberá ser conservado polos produtores durante un período de tempo non inferior a tres anos.

#### Artigo 24. *Xustificación de adquisicións.*

Os produtores deberán conservar os documentos e facturas de adquisición de micelio, se é o caso, para poder xustificar a súa orixe.

#### Artigo 25. *Lotes.*

O material de multiplicación só se comercializará en lotes suficientemente homoxéneos.

Se durante a embalaxe, almacenamento, transporte ou entrega se xuntase ou mesturase material de multiplicación de distintas procedencias, o produtor fará constar nun rexistro a composición do lote e a procedencia dos seus distintos compoñentes.

## CAPÍTULO VIII

### Comercio exterior

#### Artigo 26. *Condicións xerais.*

O material de multiplicación que se importe de países terceiros, para poder ser introducido en España, deberá ofrecer polo menos as mesmas garantías que o producido en España.

## CAPÍTULO IX

### Sancións

#### Artigo 27. *Medidas de garantía.*

Se durante a vixilancia e os controis mencionados no capítulo IV se comprobouse que o material de multiplicación comercializado non cumpre os requisitos deste real decreto, a autoridade competente tomará as medidas axeitadas para garantir a súa conformidade co disposto neste real decreto, ou ben se isto non fose posible, para que se prohiba a comercialización do dito material de multiplicación.

#### Artigo 28. *Réxime sancionador.*

As infraccións que se cometan en relación coa produción e comercialización do material de multiplicación sancionaranse de acordo co establecido na Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, e disposicións complementarias e, con carácter subsidiario, co establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

## ANEXO

### Organismos nocivos suxeitos a control

Especie	Organismos nocivos
<i>Agaricus spp.</i>	<p>Ácaros: <i>Brennandania sp.</i></p> <p>Bacterias: <i>Bacillus sp. (agreado).</i> <i>Streptomyces sp.</i></p> <p>Fungos: <i>Penicillium sp.</i> <i>Cladosporium sp.</i> <i>Aspergillus sp.</i> <i>Thrycoderma sp.</i> <i>Alternaria sp.</i> <i>Epicocum sp.</i> <i>Mucor sp.</i> <i>Rhizopus sp.</i></p> <p>Virus: La france.</p>

Especie	Organismos nocivos
<i>Pleurotus ostreatus</i> . <i>Lepista nuda</i> . <i>Lentinula edodes</i> . <i>Pleurotus eringii</i> . <i>Pholliota cylindraea (sin. Agrocybe aegerita)</i> .	Bacterias: <i>Bacillus sp.(agreado)</i> . <i>Streptomyces sp (agreado)</i> . Fungos: <i>Penicillium sp.</i> <i>Cladosporium sp.</i> <i>Aspergillus sp.</i> <i>Thrycoderma sp.</i> <i>Alternaria sp.</i> <i>Epicocum sp.</i> <i>Mucor sp.</i> <i>Rhizopus sp.</i>

## MINISTERIO DE FOMENTO

**19150** REAL DECRETO 1334/2005, do 14 de novembro, polo que se establece o sistema de notificación obrigatoria de sucesos na aviación civil. («BOE» 279, do 22-11-2005.)

Un dos obxectivos prioritarios en materia de aviación civil é a necesidade de contar cun elevado nivel de seguraza e adoptar todo tipo de medidas para reducir o número de accidentes e incidentes.

A experiencia demostrou que en numerosas ocasións, antes de se producir un accidente, unha serie de incidentes e outras moitas deficiencias revelaron a existencia de riscos para a seguraza.

A mellora da seguraza da aviación civil require un mellor coñecemento de tales sucesos para facilitar a análise e o control das tendencias para emprender accións correctoras.

Cando tales sucesos implican avións rexistrados nun Estado membro ou explotados por unha empresa establecida nun Estado membro, débense notificar aínda en caso de se teren producido fóra do territorio da Unión Europea.

En España, a vixente Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguraza aérea, ocúpase de regular no seu título II a investigación técnica dos accidentes e incidentes de aviación civil, até agora establecida polo Real decreto 389/1998, do 13 de marzo, sobre investigación dos accidentes e incidentes de aviación civil, que incorporou ao noso ordenamento a Directiva 94/56/CE do Consello, do 21 de novembro de 1994, pola que se establecen os principios fundamentais que rexen a investigación dos accidentes e incidentes de aviación civil.

Débense ter en conta os requisitos técnicos de notificación contidos no Real decreto 220/2001, do 2 de marzo, polo que se determinan os requisitos exixibles para a realización das operacións de transporte aéreo comercial por avións civís (regulamentos XAR-OPS), e no Regulamento de circulación aérea, aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro.

No plano internacional hai que mencionar o vixente Convenio de Aviación Civil Internacional elaborado en Chicago, no 7 de decembro de 1944. En concreto, o seu anexo 13 establece as normas e métodos internacionais recomendados para a investigación de accidentes e incidentes de aviación que deben realizar os Estados contratantes.

Neste marco normativo, o Consello da Unión Europea aprobou a Directiva 2003/42/CE do Parlamento Europeo e

do Consello, do 13 de xuño de 2003, relativa á notificación de sucesos na aviación civil.

As novidades desta norma comunitaria céntranse basicamente na instauración dun sistema obrigatorio de notificación de sucesos e a designación dun órgano encargado de coordinar a información que se reciba.

Por todo isto, este real decreto incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 2003/42/CE, e contribúe así á mellora da seguraza aérea, coa garantía de que a información pertinente en materia de sucesos se trate de forma confidencial e a partir do principio de que o único obxectivo da notificación de sucesos é previr futuros accidentes e incidentes, non determinar faltas ou responsabilidades.

O contido deste real decreto non modifica o sistema de notificación recollido no apéndice «Notificación de incidentes do tránsito aéreo» do Regulamento de circulación aérea, aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, que seguirá aplicándose nos mesmos termos.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2005,

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

Este real decreto ten por obxecto establecer o sistema de notificación de sucesos na aviación civil.

Este sistema de notificación de carácter obrigatorio ten por finalidade contribuír á mellora da seguraza aérea, garantir que a información pertinente en materia de seguraza se notifique, recompílese, almacene, protexa e divulgue para previr futuros accidentes e incidentes, pero non determinar faltas ou responsabilidades.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Suceso: no ámbito da aviación civil, unha interrupción do funcionamento, un defecto, unha deficiencia ou outra circunstancia anormal que tivese ou puidese ter consecuencias sobre a seguraza aérea e que non dese lugar a un accidente ou un incidente grave da aeronave dos definidos no artigo 11 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguraza aérea.